

## SOBRE O PROGRAMA LABORAL

Dentro duns días comezarán a constituírse as Comisións de Selección que escollerán o persoal do [“Programa Laboral: Xuventude con Experiencia”](#) no que participa a Universidade de Vigo gracias ó acordo asinado polo Rector coa Consellería de Familia e promoción do emprego, Muller e Xuventude.

Na relación de obras e servicios que vai realizar o persoal seleccionado chama poderosamente a atención o perfil dalgúns traballadores solicitados: 6 administrativos FP2 (4 para apoiar o labor investigador dos departamentos, 1 para I+D e outro para a Oficina de Orientación ó Emprego) 5 licenciados en humanidades para unha, ata agora descoñecida, oficina de traducción, 8 titulados superiores para I+D e a Oficina de Orientación ó Emprego de Vigo, 1 diplomado en biblioteconomía, 2 informáticos FP2 para a biblioteca...

Unha gran parte das prazas ofertadas desta vez están pisando postos encadrados nas RPTs do persoal laboral ou funcionario. Non é de recibo negarse a negociar a ampliación dos cadros de persoal en moitos servicios e pretender agora solucionar as necesidades acudindo a este tipo de emprego precario. Non é xusto, e ata parece unha tomadura de pelo, que sometamos ós auxiliares administrativos a uns procesos de selección durísimos (como mostra a oposición celebrada o último sábado) e que agora contratemos 6 auxiliares administrativos a través do Instituto Galego de Colocación. Non é normal que sabendo a necesidade que temos dunha unidade de traducción (na negociación da última RPT o xerente –Xulio Taboada- negouse a creala) contratemos agora a 5 licenciados. Non é sensato que lle esteamos negando formación en edición e administración de sitios web os informáticos e as bibliotecarias e que agora lle encarguemos o deseño e desenvolvemento destes instrumentos tan importantes a bolseiros e demais persoal contratado en precario. Non podemos consentir que á oficina de I+D se lle poña trabas para incrementar a súa plantilla e que agora contraten a catro titulados superiores.

Quen está a tomar estas decisións non calibrou os problemas que pode xerar este tipo de actuacións, aproveitarse deste acordo para resolver o déficit de persoal que temos en moitos servicios é un erro estratéxico que a medio prazo imos pagar moi caro. Isto non é calidade, somos [a penúltima universidade do Estado](#) na taxa de persoal de administración e servicios posta en relación co número de estudantes. De seguir así tamén os estudantes se marcharán e daquela si subiremos no ránking.

Por todo o exposto, cómpre que a Xunta de Persoal Funcionario e o Comité Intercentros nos reunamos canto antes e esixamos que a xerencia pida explicacións a quen tomou esta decisión ó tempo que delimitar claramente o traballo que este persoal vai facer antes de que se incorporen, xa que nese momento serán traballadores e traballadoras con tódolos dereitos alleos completamente os problemas que estamos a contar.

Datos de interese:

- O acordo prevé que a duración mínima do contrato é de 12 meses
- O acordo contempla incentivos á contratación indefinida.
- Limita a idade: hai que ter menos de 30 anos
- Os candidatos teñen que carecer de experiencia laboral (non poder ter traballado, nin por conta propia nin allea, durante máis de 6 meses nos últimos 5 anos.
- Os contratos de traballo ten que ser na categoría profesional adecuada a súa titulación académica.
- Os beneficiados percibirán un incentivo á mobilidade xeográfica se viven a 50 quilómetros do centro de traballo

A relación de prazas ofertadas pola universidade podedes consultala en: <http://www.uvigo.es/webs/ccoo>